



ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles			
MATERIA: EDUCACIÓN MUSICAL	NIVEL: 5º	MESTRA/E RESPONSABLE: MERCEDES BLANCO ALVAREZ	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	Competencia	Criterio de cualificación (% mínimo a acadar)
B1.1. escoitar obras de características ou estilos e compositores e compositoras diferentes, recoñecer as diferenzas e/ou as relacións existentes, e facer unha valoración posterior.	EMB1.1.4. Coñece, entende e respecta as normas de comportamento en audicións e representacións musicais.	CSC	47%
B1.3. Analizar a organización de obras musicais sinxelas ou fragmentos, e describir os elementos da linguaxe musical convencional que as compoñen.	EMB1.3.1. Distingue e clasifica tipos de voces, e agrupacións vocais e corais.	CCEC, CAA, CCL	40%
B1.3. Analizar a organización de obras musicais sinxelas ou fragmentos, e describir os elementos da linguaxe musical convencional que as compoñen.	EMB1.3.2. Identifica e describe variacións e contrastes de velocidade e intensidade tras a escoita de obras musicais.	CCEC, CAA, CCL	27%
B1.5. Coñecer e identificar as principais familias dos instrumentos, e identificar as principais características de instrumentos doutras culturas.	EMB1.5.1. Identifica de xeito visual e auditivo os instrumentos.	CCEC, CAA	27%
B1.5. Coñecer e identificar as principais familias dos instrumentos, e identificar as principais características de instrumentos doutras culturas.	EMB1.5.2. Clasifica os instrumentos atendendo á súa forma de producir o son (aerófonos, cordófonos, membranófonos, idiófonos e electrófonos).	CCEC, CAA, CCL	27%



ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

B1.5. Coñecer e identificar as principais familias dos instrumentos, e identificar as principais características de instrumentos doutras culturas.	EMB1.5.3. Procura información, organízaa e preséntaa sobre a música e os instrumentos doutras culturas.	CCEC, CAA	30%
B2.1 Interpretar un repertorio básico de acompañamentos, cancións e pezas instrumentais, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical, valorar o traballo feito, avaliar o resultado e propor accións de mellora	EMB2.1.3. Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos, con e sen acompañamento.	CCEC, CAA	33%



ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos: Realizárase un rexistro por parte da profesora:</p> <ul style="list-style-type: none">• Rexistro do traballo:<ul style="list-style-type: none">- Entrega das tarefas , dominio dos contidos e a presentación dos traballos.• Rexistro de actitudes:<ul style="list-style-type: none">- O interese amosado polas distintas actividades.
	<p>Instrumentos</p> <ul style="list-style-type: none">• Fichas específicas de música.• Realización de traballos a partir da busca de información.• Actividades interactivas do libro dixital.
Cualificación final	<p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:</p> <ul style="list-style-type: none">• Tendo en conta que a avaliación é continua, contarase coas cualificacións das primeira e segunda avaliacións e o traballo do alumno/a ata o momento de finalización das clases presenciais. O traballo do terceiro trimestre se terá en conta, sempre que iso favoreza ao alumno/a e poderá sumar para subir as cualificacións anteriores. No caso de que coas actividades e tarefas propostas non se acaden os mínimos esixidos, estas non computarán para a nota final.



ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	<p>Cada semana se programa unha clase con proposta de actividades de repaso, reforzo e profundización do xa visto nos anteriores trimestres que se sube á plataforma Edixgal. Esta clase inclúe variedade de actividades, para incentivar aos alumnos, coa finalidade de que manteñan tamén na materia de música o hábito de traballo e o interese pola mesma.</p> <ul style="list-style-type: none">• Actividades interactivas do libro de música.• Audicións, cancións e a través de ligazóns.• Uso didáctico dos musicogramas a través de ligazóns. Realización de audicións activas a través de musicogramas.• Ligazóns a páxinas educativas de música.• Práctica de cancións de frauta.• Repaso dos temas 1 (1º Trimestre) e 2 (2º Trimestre) a través da realización de fichas dos temas elaboradas pola profesora, para que completen e envíen á plataforma os alumnos e alumnas.• Tarefas variadas e específicas de música: actividades de busca de información, clasificación de instrumentos, de voces...et.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):	<p>Semanalmente se programará unha clase adaptada ao nivel dos nenos e nenas e ás circunstancias nas que nos atopamos, á que se poderá acceder a través da plataforma Edixgal. Establecerase unha comunicación continua cos alumnos/as contestándolles ás súas dúbidas e mensaxes, para fomentar o seu interese e apoialos en todo momento. Establecerase así un feed back permanente con eles.</p> <p>A clase será baseada nos seguintes principios metodolóxicos:</p> <ul style="list-style-type: none">• Que favorezan a consecución de obxectivos e competencias clave.• Que favorezan a actividade por parte dos nenos e nenas.• É unha materia na que se debe cantar, escoitar música, bailar...etc que require unha práctica activa e constante pois se aprende facendo, de xeito que non se deixe de aprender en ningún momento. Por iso se propoñen actividades que favorezan estes principios e fagan que os nenos e nenas manteñan o hábito de traballo ao mesmo tempo que disfrutan coa música.



ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

	<ul style="list-style-type: none">• Que favoreza a autoaprendizaxe, a investigación, a creatividade e o pensamento crítico. <p>No caso do alumnado sen conectividade, a aqueles que non dispoñan dun dispositivo para poder comunicarse e traballar, se lles subministrará desde o centro previa petición dos pais. Nos casos nos que non poidamos comunicarnos cos alumnos/as, poñerémonos en contacto cos titores e titoras para informalos e tratar de establecer dita comunicación e en último caso se fará a través da dirección do centro, que se porá en contacto coa familia do alumno ou alumna.</p> <p>Ao mesmo tempo, se contestará a todas as dúbidas que os pais/nais poidan realizar a través do correo electrónico ou mensaxería Abalar.</p>
Materiais e recursos	<ul style="list-style-type: none">• Plataforma Edixgal.• Recursos variados do libro dixital.• Recursos educativos (Internet).• Fichas de repaso dos temas dados e outras de repaso dos contidos, elaboradas pola profesora para que completen os alumnos/as.



ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	<p>Indicar o procedemento que o profesorado empregará para informar ao alumnado.</p> <p>A adaptación da programación será colgada na páxina web do centro unha vez sexa validada pola inspección educativa para poñela en coñecemento da comunidade educativa.</p> <p>Tamén a través do servizo de mensaxería Abalar se lles notificará aos pais/nais/titores legais, da adaptación da programación e se é necesario se aclararán as dúbidas que esta poida suscitar a través da citada mensaxería ou ben a través do correo electrónico, sempre que os pais ou nais o soliciten.</p>
Publicidade	<p>https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipamaia/</p>